

BOLETÍN **APOEGAL**

**Boletín Dixital da Asociación Profesional
de Orientación Educativa de Galicia**

Nº 12– DECEMBRO 2009

ISSN 1989-6107



**A Asociación Profesional
de Orientación Educativa de Galicia
constitúese no ano 2004 co obxectivo de defender e promover
a Orientación Educativa**

APOEGAL é membro de:



ÍNDICE DE CONTIDOS

V ENCONTRO NACIONAL DE ORIENTADORES.....	3
MANUAL DE RECURSOS PARA A FP.....	6
A TÚA OPINIÓ.....	9
CONTACTA CON NÓS.....	12
POST-DATA.....	13

V ENCONTRO NACIONAL ORIENTADORES



VENRES: Día 12 de Marzo

15,30 h. Recepción.

16,00 a 17,00 h. Acto de Inauguración.

Autoridades invitadas: D^a M^a del Mar Moreno Ruíz, Conselleira de Educación;
D^a Micaela Navarro Garzón, Conselleira de Igualdade e Benestar Social;
D. Juan Jiménez Martínez, Rector da UPO; D. Guillermo Domínguez Fernández,
Decano da Facultade de Ciencias Sociais da UPO;
D. Juan Antonio Planas Domingo, Presidente de COPOE;
D. José Martín Toscano, Presidente do Comité Organizador.

17,00 a 18,30 h. Conferencia inaugural:

"Educar e orientar na diversidade".

D. Miguel A. Santos Guerra. Universidad de Málaga.

19,00 a 20,00 h. MESA REDONDA:

"Orientación e desenvolvemento de competencias básicas"

D. Ángel I. Lledó Becerra (coordinador de la mesa). Dpto. de Orientación IES Ramón del Valle Inclán de Sevilla; D. José Gijón Puerta. Universidad de Granada; D. Pedro Hernández Benito. Universidade de Granada; D. Manuel Fernández Cruz. Universidade de Granada.

21,00 h. Recepción no Real Alcázar de Sevilla.

Visita guiada.

SÁBADO: Día 13 de Marzo

09,30 a 11,00 h. Conferencia:

"Atención á diversidade e Comunidades de Aprendizaxe".

D. José Ramón Flecha. Universidad de Barcelona.

11,30 a 13,00 h. MESA REDONDA:

"Os retos da convivencia. A mirada dos profesionais".

V ENCONTRO NACIONAL ORIENTADORES

D^a Teresa Castilla (coordinadora da mesa). Universidad de Málaga; D^a Astorza. Director del IES Nuevo Montequinto (Sevilla); D. José Antonio Binaburo Iturbide. Coordinador da Rede Andaluza "Escuela: Espacio de Paz". Consellería de Educación da Junta de Andalucía; D. Joan Teixidó i Saballs. Universidad de Girona; D^a M^a Fernanda Chocomeli Fernández. Departamento de Orientación IES Virgen del Remedio de Alicante; D. José Melero Martín. Departamento de Orientación IES Manuel Alcántara de Málaga.

13,30 a 14,30 h. MESA REDONDA:

"O que demanda a sociedade á orientación".

D. Pedro Martos Rodríguez (coordinador da mesa). Presentador do programa "El Club de las Ideas" de Canal Sur. Periodista e Psicólogo. Representante das asociacións de nais y pais de alumnos; Estudiante de bacharelato; Representante do colectivo docente.

16,30 a 18,30 h. Grupo de Comunicacions (ver temáticas)

(Paralelamente Reunión da Xunta Directiva de COPOE)

19,00 a 20,00 h. Teatro a cargo do grupo "Piratas de Alejandría".

22,00 h. Cena-cocktail e paseo en barco por el Guadalquivir.

(Non incluída na inscrición)

DOMINGO: Día 14 de Marzo

09,30 a 10,30 h. Grupos de Comunicacions (ver temáticas)

10,00 h. Asamblea plenaria de COPOE.

10,30 a 11,30 h. MESA REDONDA:

"A orientación como axente de cambio no centro educativo".

D^a Lidia Santana Vega (coordinadora da mesa). Universidade de La Laguna;

D^a Ana Cobos Cedillo. Orientadora e Presidenta de AOSMA. Málaga; D. Miguel

Ángel Zabalza Beraza. Universidade de Santiago de Compostela. D^a M^a

Consuelo Vélaz de Medrano Ureta. UNED.

12,00 a 13,30 h. Conferencia de clausura:

"Diversidade de xénero".

D^a Ana Freixas Farré. Departamento de Psicología Evolutiva e da Educación.

Universidade de Córdoba.

1. A Orientación educativa e a Atención a la Diversidade: novas perspectivas.
2. Acción tutorial e asesoramiento psicopedagógico: enfoques e recursos.
3. Orientación académica e profesional: o reto da igualdade de oportunidades.
4. Innovación, Investigación e Novos recursos para a Orientación educativa.
5. A Orientación ante o reto da educación para a cidadanía e a formación para la convivencia.
6. Procesos de calidade na Orientación educativa.
7. A Orientación educativa e a intervención coas familias.
8. O papel da Orientación educativa no desenvolvemento de competencias básicas do alumnado.
9. A Orientación educativa na sociedade do século XXI: axente de cambio nos contextos educativos e sociais.

V ENCONTRO NACIONAL ORIENTADORES

Máis información en:


<http://www.vencuentroorientacion.es/>

Como soci@s de Apoegal, pertencentes á COPOE, temos un desconto do 50% na inscrición. Non é preciso solicitar xustificantes individuais, porque se enviará á organización do encontro un listado de tódol@s soci@s de Apoegal.

¡Vémonos en Sevilla compañeir@s!
:)



MANUAL DE RECURSOS PARA FP



O pasado xoves 19 de novembro de 2009 presentouse en Santiago este manual na xornada dirixida a orientadores sobre A Lei de Cualificacións. O contido está máis relacionado con cuestións docentes propias da FP, pero tal como se pode ver no índice a continuación (sacado do propio manual), pode ser de utilidade para os departamentos de orientación, sobre todo no apartado referido a modelos de fichas, cuestionarios e impresos xa elaborados.

O manual ven acompañado dun CD editable que facilita o uso da información de forma rápida e sinxela.

Para máis información sobre o manual e a forma de facerse con el, dirixirse ó correo da Consellería relacionado:

orientacion.profesional@edu.xunta.es

MANUAL PARA O PROFESORADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL. CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO. GUÍA DE RECURSOS.

Índice

1. Introducción

2. Características e novidades da formación profesional

3. Perfil do alumnado escolarizado en ciclos formativos de grao medio

4. Funcións da titoría

Funcións administrativas e de atención ao centro

Funcións de coordinación co departamento de orientación

Funcións de coordinación co equipo docente

Funcións de avaliación

Funcións de seguimento do grupo-clase

Funcións de coordinación coas familias

Funcións vinculadas á formación en centros de traballo (FCT)

5. Guía para a práctica diaria

5.1 Coñecemento previo do grupo-clase

5.2 Acollemento

5.2.1 Presentación

Presentación do grupo-clase

Información de interese

Recollida de información

Coñecemento do centro

5.2.2 Información sobre o ciclo formativo

5.2.3 Alumnado de incorporación tardía

5.2.4 Información ás familias

5.3 Normas e elección de delegado ou delegada

5.3.1 Normas

5.3.2 Proceso de elección do delegado ou da delegada

5.4 Tramitacións administrativas ao longo do curso

5.4.1 Anulación de matrícula

5.4.2 Baixa de oficio

5.4.3 Renuncia á matrícula

5.4.4 Traslado de matrícula

Períodos de denegación do traslado

Autorización do traslado de matrícula

Procedemento de traslado de matrícula

5.5 Avaliacións

5.5.1 Avaliación inicial

5.5.2 Avaliacións parciais e final

5.5.3 Documentos do proceso de avaliación

5.5.4 Reclamacións

5.5.5 Validacións de módulos profesionais

5.5.6 Informe final de curso

5.6 Formación en centros de traballo (FCT)

5.6.1 Definición e finalidades

5.6.2 Responsables e tarefas

5.6.3 Convenios

5.6.4 Exención e renuncia

Exención

Renuncia

5.6.5 Desenvolvemento da FCT

5.6.5.1 Pasos previos

5.6.5.2 Seguimento

5.6.5.3 Avaliación

5.6.6 Casos excepcionais

Consideracións de carácter xeral

Autorizacións

6. Referencias legislativas

6.1 Referencias legislativas

6.1.1 Normativa xeral

6.1.2 Normativa específica

6.1.3 Outra normativa para ter en conta

7. Modelos de fichas, cuestionarios e impresos propostos no manual

5 decembro 2.009

Bó día a tod@s!

¿Hai algo que leras ultimamente sobre orientación que che pareza novidoso?

Envíanos a referencia dese artigo, web, revista, libro...cun breve comentario e no próximo Boletín de APOEGAL poderemos compartir as aportacións de tod@s...

Anímate, non nos levará máis de 5 minutos e entre tod@s teremos un listado moi útil antes do Nadal.

Saúdos e grazas por colaborar.



Hola son Ana Gulías. Non sei se vos será de utilidade, pero eu teño algunhas páxinas web (algunhas con enlace colgadas na web do instituto-IES Chamoso Lamas. Carballiño, Ourense-) para que o alumnado consulte dende casa, a biblioteca... Facilito as direccións a través dos titores (ESO e Bac) e nalgúns casos tamén paso eu polas aulas para informar (sobre todo cos de ciclos). Seguro que moitos xa as coñecedes pero ahí van de tódolos xeitos:

www.kekiero.es

www.qestudio.com

www.educaweb.com

www.estudiantes.info

www.lasmejorespaginasweb.es/category/educacion/


www.infoempleo.com

Espero que vos sirvan.

Feliz Nadal anticipado a todos

A verdade é que a única referencia que teño para recomendar esta lectura é a seguinte reflexión que me chegou do correo electrónico dunha profesora do IES no que traballo. Para mín estas liñas abundan como invitación de lectura de Nadal... ou tamén pode ser que nesta época sexa difícil resistirse a un chocolate quente... Que aproveite!
Sonia Ferro IES Vilamarín (Ourense).

"Si un doctor, un abogado o un dentista tuviera a treinta personas o más en su oficina a la vez, todas con diferentes necesidades y algunas que no quieren estar allí y el doctor, abogado o dentista, sin ayuda, tuviera que tratarlos a todos con excelencia profesional durante diez meses, entonces podrían tener una idea de lo que es el trabajo del docente en el aula".



CHOCOLATE CALIENTE PARA EL ALMA DE LOS MAESTROS. Historias para abrir los corazones y reavivar el alma de los educadores. Jack Canfield. Editorial Atlántida. ISBN: 950-08-3120-1. Reseña: Escrito por unha ampla gama de docentes, aconselladores, administradores, consultores educacionais e ex estudantes. *Chocolate caliente para el alma de los maestros* é un conxunto de historias que relatan as distintas probas e triunfos de quen se atopa no campo da educación. A través destas páxinas, mestr@s e educador@s sentiránse motivad@s para axudar aos seus alumn@s a crer en sí mesm@s, a soñar e ampliar súas horizontes... para facer da aprendizaxe unha experiencia divertida e significativa. Para aqueles educador@s que nos acompañaron en distintos momentos da nosa vida e para os que fan de cada día un desafío e un compromiso cos seus estudantes.

Pierre Angel y Patrick Amar : GUÍA PRÁCTICA DEL COACHING. Paidós Psicología Hoy. 2006.
Realizado por : Angeles Piay Guance (Orientadora CIFP SOMESO)

Un dos seus autores (Pierre Angel) é profesor de psicoloxía na Universidade de Paris e responsable da Diplomatura de Estudos Superiores de Coaching, é ademais coach de directivos. O outro autor(Patrick Amar) é psicólogo e coach de directivos, ensina tamén na Universidade de Paris.

Escollín este libro para comentar porque foi un dos primeiros que lín sobre coach e paréceme de fácil lectura para aqueles que desexen iniciarse no coñecemento do coaching.

Comenzarei facendo unha visión xeral do mesmo:

O coaching experimentou un crecemento moi importante durante os últimos anos. Trátase dun proceso de acompañamento destinado a favorecer o crecemento e a optimización do potencial da persoa. Coach e cliente forman unha asociación estimulante e de axuda xa que se trata de que o cliente(coachee en inglés) poida superar os obstáculos, desenvolver novas competencias etc. Esta relación de axuda baséase en conceptos, métodos e ferramentas procedentes tanto da teoría das organizacións como do campo psicoterapéutico.

O coaching desenvolveuse de maneira significativa en Francia desde hai 10 anos.

Inspirado nas prácticas do ámbito deportivo, penetra no mundo da empresa e busca como no deporte a excelencia e a mellora das prestacións. É un proceso de acompañamento destinado a favorecer o desenvolvemento e optimización do potencial da persoa ou dun grupo de persoas . A través dunha especie de “**mayéutica**”, coach e cliente atópanse nun espazo de elaboración e de co-construción de solucións para atopar unha coherencia e unha finalidade a unha acción.

¿Cal é a razón da súa aparición?

Segundo estes autores as sociedades occidentais están enfrontadas a unha crise de valores, ante esa dificultade existencial o traballo cobra un lugar esencial e pode converterse no elemento organizador da vida e tamén na súa finalidade ao buscar a excelencia e a cualificación. Pero o mundo da empresa está a **atravesar por** importantes mutacións que modifican a relación no traballo e repercute nas actitudes e comportamentos. O individuo necesita ter competencias técnicas pero tamén se lle solicitan competencias de natureza relacional e emocional para as que non esta preparado. Neste último o coaching ten moito que aportar.

E para rematar só facer algunha aclaración sobre o que non é o coaching segundo os autores:

O coaching non é asesoramento, terapia ou formación é unha co-construción, unha co-elaboración entre coach e cliente baseada na potencia da relación intersuxetiva.

Diferénciase do asesoramento en que non é lineal (receptor/proveedor) senón circular e dialéctica, trátase menos dunha transferencia de saberes e máis nunha relación circular en que cada un se nutre do discurso do outro para progresar na problemática do cliente. O coach non se atopa na situación de conselleiro experto nun ámbito concreto senón que esta para facer evidentes os procesos xerais a partir do marco de referencia do cliente.

O coaching tampouco é unha psicoterapia aínda que comparta métodos desenvolvidos no campo psicoterapéutico, diferénciase fundamentalmente no campo de aplicación, pois o coaching dedícase fundamentalmente ao universo profesional do cliente. A psicoterapia afecta á estrutura psíquica máis profunda, o coaching ten un impacto máis puntual e sobre todo conductista.

Neste resumo só tento plasmar os aspectos máis básicos do libro. A lectura deste libro e outros de coaching y PNL foi para min un importante descubrimento . Penso que a filosofía do coaching ten moito que aportar ao profesorado en xeral e a orientación en particular.

CONTACTA CON NÓS

Se aínda non es soci@, podes solicitarnos información e a folla de inscrición á dirección electrónica que aparece máis abaixo ou directamente na páxina web.

Se polo contrario xa es soci@, entón xa saberás que podes poñerte en contacto con nós para o que precises:

Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia

Páxina web: www.apoegal.com

Correo electrónico da asociación: apoegal@yahoo.es

Todas as túas propostas, artigos, experiencias ou colaboracións serán benvidas.



www.copoe.org

¿ Coñeces Facebook, Tuenti, Hi5...? Redes sociais tamén en Orientación... Entra, clickea e proba!

Queremos compartir contigo os nosos mellores desexos para o ano que comeza:

Desexamos que a lingua galega siga sendo o ben común que nos une.
Desexamos que os nenos e nenas que aprenderon o galego cos seus, poidan mantelo ao chegaren á escola.
Desexamos que os nenos e nenas que aprenderon o castelán cos seus, aprendan na escola o galego para conseguiren ser tamén bilingües.
Desexamos que o noso alumnado reciba a metade das materias escolares en galego, para que así o poidan entender e usar adecuadamente.
Desexamos, en fin, que o ano que vén traia un futuro mellor

*para ti, para os teus,
para a nosa lingua*



g coordinadora galega
de equipos
de normalización e
dinamización lingüística
<http://www.coordinadoraendl.org>

<http://www.coordinadoraendl.org/videos/nadal.swf>

FELICES VACACIÓNS PARA TODOS/AS E OS
MELLORES DESEXOS PARA O VINDEIRO 2010.

